

BRÍLLANCHE OS OLLIÑOS - SABELA



Bríllanche os olliños é un EP no que Sabela aposta por poñer en valor o mundo e a vida rural, dende o máis cotiá ao popular. As lendas, os oficios, figuras como Maruja Mallo, os animais ou mesmo o desexo son temas nos que a artista afonda neste traballo discográfico. Seis temas que transitan o pop electrónico dende vertentes máis eufóricas ata outras máis *ambient*, pasando por tons máis eclécticos ou intimistas. Aos xa publicados [Hi, my love](#), [Eu espero aquí](#), [Camponarai](#), [Cerca de ti](#) e [A quen ignora](#), únese [Non cho podo dar](#), focus track do EP que sae en colaboración á súa compañeira de edición en Operación Triunfo, María Escarmiento.

Sabela aventúrase na produción en solitario dos seus temas, contando en determinados momentos coa colaboración do recoñecido produtor Ed Is Dead. Ed é un recoñecido e prestixioso DJ e produtor de música electrónica a nivel internacional, con múltiples galardóns da talla do Premio VMA a “Mellor Produtor de Música Electrónica” ou o Premio MIN a “Mellor Gravación de Música Electrónica”. Algúns dos seus traballos están recoñecidos como referencias da música electrónica, seleccionados entre os mellores álbums do ano na música electrónica por revistas internacionais especializadas, contando con millóns de escoitas en plataformas dixitais, colaboracións con artistas finalistas nos Premios Grammy ou presentacións en vivo nalgúns dos festivais máis importantes de España como son o BBK, o Sónar ou o Arenal Sound. Tamén conta coa participación de Mateo Bruquetas. A artista mantén esa visión amplificadora de

horizontes que leva caracterizando a súa carreira, involucrándose en todas as facetas da creación deste EP en xeral, e das súas cancións que o compoñen en particular.

Este novo traballo discográfico da de Ourol tenta reivindicar o local como o concepto do que nace todo. *Bríllanche os olliños* é esa referencia galega á reacción tan xenuína como pura das cousas que te ilusionan, que che sentan ben. Dende este punto, Sabela constitúe un contexto no que as distintas facetas da súa vida no rural converxen, dende as referentes ata os animais, pasando polas lendas ou os oficios. A portada do EP non deixa de ser outra defensa de que non é preciso marchar do rural para atopar o talento, xa que está confeccionada polo ilustrador e tatuador Pérez, natural de Viveiro. Nela podemos atopar referencias claras tanto ao título do disco, co ollo e o brillo que sae del, como a temas incluídos dentro do mesmo, como pode ser [Non cho podo dar](#) e esa referencia ás sereas.

O EP está confeccionado dende o rural pero cun son internacional, onde a faceta experimental de Sabela fixo que tomara a iniciativa de producir os seus temas baixo este prisma. Unha proposta ambiciosa que destaca as distintas versións que pode ofrecer a artista galega, dende o proceso de composición da letra ata o proceso de produción do tema. Este traballo recoñece a versatilidade da de Ourol e eleva o teito do seu pop electrónico a niveis de execución.

Este EP conta coa **colaboración da Xunta de Galicia** a través da **Axencia Galega de Industrias Culturais**.

HI, MY LOVE, PRIMEIRO ADIANTO DO EP, PREMIADO E RECOÑECIDO

O seu primeiro adianto, [Hi, my love](#), é un dos grandes alicerces desta nova etapa da artista, que dende o seu lanzamento rexistrou centos de milleiros de reproducións en plataformas, saíndo recoñecido entre os finalistas nos **Premios de la Academia de la Música** como **Mellor canción en galego/bable/asturiano**, e sendo tamén fundamental para que Sabela obtivera o **Premio Martín Códax da Música na categoría de Pop e Indie**. O [videoclip](#) que acompañaba a este lanzamento foi finalista en prestixiosas galas de premios e festivais audiovisuais como os **Premios Mestre Mateo**, o **Festival de Cans** ou o **Festival de Videoclips de Oviedo**.

NON CHO PODO DAR, FOCUS TRACK XUNTO A MARÍA ESCARMIENTO

A canción destacada de [Bríllanche os olliños](#) é o tema [Non cho podo dar](#), que ve a luz en colaboración cunha compañeira de edición do programa televisivo Operación Triunfo, María Escarmiento. Esta unión entre dúas amigas deu como resultado un tema de pop con sons máis ambientais e retrousos instrumentais, pero cun ton moito máis directo. Nel, Sabela e María xogan con esa idea de amar fóra do socialmente establecido, reivindicando que nin é nin será nunca un sentimento negativo por moito que estea oposto ás “normas sociais” que alguén un día inventou. Durante o tema podemos extraer referencias aos mitos das sereas, mulleres xulgadas e vilipendiadas por ser diferentes. Neste contexto, atopamos un forte paralelismo co contexto social actual, no que hai mulleres xulgadas socialmente por gustar sen que sexa algo pretendido, o mesmo que lles pasaba ás sereas. O tema publícase xunto cun [videoclip](#) gravado en Cervo que conta con referencias dunha das grandes lendas da Mariña lucense, a Maruxaina.

SETLIST

1. [Non cho podo dar](#) feat María Escarmiento
2. [Hi, My Love](#)
3. [A quen ignora](#)
4. [Cerca de ti](#)
5. [Eu Espero aquí](#)
6. [Camponarai](#)

CRÉDITOS

- Letra: **Sabela Ramil**, coa participación de África Adalia en *Eu espero aquí* e de María Escarmiento en *Non cho podo dar*.
- Música / Composición: **Sabela Ramil**, coa colaboración de Ed Is Dead en *Hi, My Love* e *Eu espero aquí*, de Mateo Bruquetas en *Hi, My Love* e de África Adalia en *Eu espero aquí* e de María Escarmiento en *Non cho podo dar*.
- Producción: **Sabela Ramil**, coa participación de Ed Is Dead en *Hi, My Love*, *Eu espero aquí* e *A quen ignora*, de Mateo Bruquetas en *Hi, My Love*.
- Mestura e masterización: **Ed Is Dead**.
- Gravación: **Estudios GND (Galicia)**, **Pouland Studios (Galicia)** e **Es is Dead Studio (Madrid)**
- Editorial: **Warner Chappell**
- Entidade xestora: **SGAE**.

TEMAS

HI, MY LOVE

Hi, My Love mestura a electrónica e as voces *ambient* máis actuais xunto coas raíces tradicionais e o galego. Sabela busca un son máis internacional, feito dende a súa terra e tendo en conta as súas raíces e o seu idioma. Esta canción xira arredor do desexo.

EU ESPERO AQUÍ

Eu espero aquí é un tema de pop electrónico moito máis contundente e enérxico. Sabela afonda na nostalgia para alonxala da tristura e introducila cara sentimentos máis eufóricos e románticos.

CAMPONARAI

Camponarai é unha canción na que Sabela xoga cunha lenda popular contada na zona da Mariña lucense, convertendo Camponarai **nese lugar onde conectas por primeira vez cunha persoa especial**. Esta é a **primeira produción en solitario de Sabela**.

CERCA DE TI

Cerca de ti é un agradecemento a todo ese amor bondadoso que transmiten os nosos animais. O tema caracterízase por unha produción minimalista, levada a cabo integramente por Sabela.

A QUEN IGNORA

Cunha electrónica máis disruptiva e ecléctica, *A quen ignora* é un tributo á obra de Maruja Mallo, unha das pintoras máis importantes da historia do estado, e a esas artistas que mudaron e están a mudar o mundo dende as sombras.

NON CHO PODO DAR ft María Escarmiento

Unha electrónica máis ambiental que introduce un retrouso instrumental. “Non cho podo dar” é un tema máis directo, que nace de explorar o sentimento de amar fora das normal que alguén se inventou. Tamén toca o imaxinario das sereas, mulleres vilipendiadas e xulgadas por ser diferentes, por namorar sen elas querer, establecendo certo paralelismo coa realidade das mulleres hoxe en día.

VIDEOCLIPS

[Hi, my love](#)
[Escarmiento](#)

[Non cho podo dar ft María](#)



CONTACTO DE PRENSA SABELA

Rodri Míguez | +34 986 903 509

comunicacion@playplan.es

AXENCIA DE MANAGEMENT SABELA

PlayPlan - +34 986 903 509 ext. 206

contratacion@playplan.es

www.playplan.es

